



Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

EXP. 259/2025

ASUNTO: BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA PROVEER 1 PRAZA DE XEROCULTOR/A DE AXUDA A CENTROS , PARA A VIVENDA COMUNITARIA, CON CARÁCTER LABORAL FIXO, VACANTE NO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA , MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral de carácter fixo de 1 traballador/a como:

- **Xerocultor/a de axuda a centros.**
- **Titulación: Técnicos en coidados auxiliares de enfermería ou certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (nivel II).**
- **Natureza: laboral fixo.**
- **Sistema selectivo: concurso-oposición.**
- **Número de prazas: 1**

Según no artigo 3.3 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro (EDL 2004/180565), por o que se regula o acceso o emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, ó final deste proceso selectivo, elaborárase unha relación única na que se incluírán todos/as os/as candidatos/as que houberan superado as probas selectivas, ordeadas por puntuación total obtida. En caso de empate na puntuación obtida, ésta será dirimida da forma establecida no punto 8.3 das presentes bases.

O ámbito de actuación dos traballador/a será a **Vivenda Comunitaria** do Concello de Xunqueira de Ambía.

BASE SEGUNDA. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A realización das probas selectivas suxeitarase, en todo o non expresamente nas presentes bases, ó dereito básico contido na Lei 30/1984, de 2 de agosto (EDL 1984/9077), de medidas para a Reforma da Función Pública, as normas da Lei 7/1985, de 2 de abril (EDL1985/8184), reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 7817/1986, de 18 de abril (EDL 1986/10119), por o que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local ; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño (EDL 1991/14022), por el que se establecen las reglas básicas y los programas mínimos a que debe axustase o Procedemento de Selección dos Funcionarios da Administración Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (EDL 2015/187164), por el que se aprueba el texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e o non previsto nas mencionadas normas, por o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo (EDL 1995/13303, por o que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ó servicio da Administración Xeral do Estado e da Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civiles da Administración Xeral do Estado.





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

BASE TERCEIRA. CONDICIÓN OS REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OS CUMPLIR OS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte das probas selectivas de esta convocatoria será preciso:

- a) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso , da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Estar en posesión de título esixible ou equivalente de TÉCNICO EN CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA OU CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIO A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (Nivel II). No seu caso, a equivalencia deberá ser aportada por o/a aspirante mediante certificación expedida ao efecto por a administración competente en cada caso.

Par os/as aspirantes discapacitados/as deberán ter a condición legal de discapacidade igual ou superior ó 33%, pero que a mesma non lle impida o desempeño das correspondentes funcións.





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

BASE CUARTA. IGUALDADE DE CONDICIÓN.

De acordo co establecido no artigo 35 do Real Decreto Lexistativo 1/2013, de 29 de novembro (EDL 2013/226664), por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito ó traballo, en condicións que garanticen a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación.

BASE QUINTA. INSTANCIAS E ADMI

SIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Nas instancias solicitando tomar parte na presente convocatoria, que deberán estar debidamente cumprimentadas, manifestarán os/as aspirantes, que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na Base Terceira, referidos sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes, e que acepten en todos os extremos as presentes bases.

A presentación das instancias poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Xunqueira de Ambía ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante correo electrónico (concello.xunqueiradeambia@eidolocal.es). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, ou en calquera outro sitio que non sexa o rexistro xeral do concello de Xunqueira de Ambía. Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitan este avance ao correo electrónico citado.

Considerando a inminencia da contratación realizarase convocatoria pública mediante oferta pública de emprego no Boletín Oficial da Provincia e publicación no taboleiro de edictos municipal con carácter de urxencia (ex art. 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

Polo mesmo motivo o prazo de presentación de instancias será de dez (10) días hábiles, en horario de 09:00 a 14:00 h, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Coa solicitude deberase achegar:

No modelo que figura como **Anexo I** a estas bases, o aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no artigo 3 e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- Copia cotexada da documentación esixida no apartado 3, punto f).
- Copia cotexada do D.N.I.
- Declaración responsable.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados. Para a puntuación por experiencia deberanse axuntar contratos e vida laboral.





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

5.2.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará resolución, no prazo máximo de 15 días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, a cal se adoptará en atención ao declarado por os /as aspirantes. Dita resolución , publicarase na sede electrónica do Concello de Xunqueira de Ambía e no taboleiro de anuncios deste Concello, indicará o prazo máximo de 2 días para a subsanación de defectos por os/as aspirantes excluídos/as. Asimesmo , en dito prazo prodrase presentar calquer reclamación pertinente por os/as interesados/as.

Non será subsanable, por afectar ó contido esencial da propia solicitude do sistema selectivo, o prazo de caducidade ou a carencia de actuacións esenciais:

- Non facer constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos de capacidade esixidos nas bases.
- Presentar a solicitude de forma extemporánea, xa sea antes ou despois do prazo correspondente.
- Si non se produxera reclamación , suxerencia ou petición de subsanación algunha, a Resolución provisional devendrá definitiva automaticamente. Noutro caso, resultas as reclamacións e subsanacións, a autoridade convocante elevará a definitivas as listas de admitidos/as e excluídos /as mediante Resolución que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica. Na mesma Resolución indicárase a data, lugar hora de comezo do primeiro exercicio. A publicación de dita Resolución será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

5.3.- Os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da vigente Lei 29/1998, de 13 de julio, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

BASE SEXTA. TRIBUNAL CALIFICADOR.

6.1.- O órgano de selección calificador estará composto por os seguintes membros, todos eles con voz e voto.

- Presidente/a: Funcionario de carreira ou laboral fixo.
- Secretaria/o: Funcionaria de carreira.
- 3 vogais, funcionarios de carreira ou laborais fixos.

A composición do órgano de selección incluírá tamén a dos respectivos suplentes, que serán designados conxuntamente cos titulares. A súa composición debe axustarse aos principios de imparcialidade, especialización e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, a paridade entre muller e home.

Todos os membros do órgano de selección serán persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquer Administración pública e con un nivel de titulación académica igual ó esixido para o ingreso.

O órgano de selección non poderá constituirse nin actuar sin a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

6.2.- Na mesma resolución na que se aprobe definitivamente a lista de aspirantes admitidos e excluídos, fixarase a composición do órgano de selección calificador a efectos de poder promover, en caso de que proceda, a recusación dos seus membros. A resolución anunciarase no Taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica.

BASE SÉPTIMA. CALENDARIO DO PROCESO SELECTIVO.

7.1.- As datas de celebración dos exercicios publicaranse no Taboleiro de anuncios de este Concello e no seu sitio web.

7.2.- O Órgano de selección poderá requirir os/as aspirantes en calquer momento para que acrediten a súa personalidade, a cuxo fin deberán acudir provistos do DNI ou, en defecto deste, doutro documento oficial que acredite a súa identidade.

BASE OITAVA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- Desenrolo da oposición.

Os exercicios da oposición constarán de dos exercicios de carácter obrigatorio:

-Primer exercicio: Consistirá en responder a un cuestionario tipo test de 10 preguntas, con catro respostas alternativas, no tempo que determine o órgano de selección, non superior a 20 minutos, sobre as materias relacionadas no **Anexo II** (materias xerais).

-Segundo exercicio: Consistirá, a elección do órgano de selección, da resolución dun suposto práctico ou na contestación dun cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro respostas alternativas, no tempo que determine o órgano de selección, non superior a 30 minutos, sobre as materias relacionadas no **Anexo II** (materias específicas).

A calificación da fase de oposición virá determinada por a suma das calificacións obtidas en cada un dos exercicios de esta fase. É necesario para aprobar un mínimo de 5 puntos no primeiro exercicio (materias xerais) e un mínimo de 10 puntos no segundo exercicio (materias específicas), tendo que acadar como mínimo 15 puntos.

8.2.- Fase de concurso.

Só poderán participar na fase de concurso os/as aspirantes que houberan superado os exercicios da fase de oposición. Por o tanto, só se baremarán aqueles méritos presentados por as persoas que houberan superado a fase de oposición.

Valoraranse os seguintes méritos:

1.- **Por servizos prestados (ata 5 puntos):** só serán valorados servizos que estén debidamente acreditados mediante certificación oficial:





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

1.1.- Por haber traballado, na mesma categoría, ou superior, a do posto a ocupar, en calquer Administración Pública, a razón de 0,10 puntos por mes, con un máximo de 3,6 puntos.

1.2.- Por haber traballado, na mesma categoría, ou superior, a do posto a ocupar, no sector privado, a razón de 0,07 puntos por mes, con máximo de 1,4 puntos.

2.- Por formación (ata 5 puntos):

2.1.- Cursos de formación e perfeccionamento relacionados cas tarefas propias da categoría que se convoca e que foran realizados nos dous últimos anos. A valoración de cada curso realizarase de acordo coa seguinte escala:

- a) De 100 ou máis horas : 1,5 puntos
- b) De 75 ou máis horas : 1 punto
- c) De 50 ou máis horas : 0,75 puntos
- d) De 25 ou máis horas : 0,50 puntos
- e) De 15 ou máis horas : 0,20 puntos

Só se valorarán estes cursos si foron obtidos con data anterior á publicidade das bases no BOP e se foron convocados u organizados por a Universidade, Organismos Oficiais, Institutos ou Escolas Oficiais de Funcionarios u outras Entidades Públicas, sempre que neste último caso foran homologados por o Instituto Nacional de Administración Pública ou outra Administración competente.

Aquelas actividades de natureza diferente aos cursos, tales como Xornadas, Mesas Redondas, Encontros, Debates u outras análogas, **non poderán se obxecto de valoración.**

Con independencia dos límites parciais establecidos, a puntuación total da fase de concurso non poderá superar os 10 puntos.

8.3.- Puntuación final do concurso-oposición:

Bareados os méritos, o órgano de selección exporá ao público a lista dos aspirantes coa puntuación obtida nesta fase, así como a de aprobados por orden de puntuación total, concedéndolle un prazo de 2 días hábiles para que formulen as reclamacións e alegacións que estimen pertinentes en relación ca bareación.

A puntuación final virá determinada por a suma da puntuación da fase de oposición e a de concurso. En caso de empate decidirase a favor do/da aspirante que houbera obtido maior puntuación na fase de oposición, e no caso de persistir o empate decidirase por sorteo. A lista farase pública, no Taboleiro de anuncios e no sitio web.

BASE NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS/AS.

Resultas as posibles alegacións e subsanacións, o órgano de selección dictará resolución fixando a relación definitiva de aspirantes aprobados/as por o seu orden de puntuación.

Dita relación será elevada por o órgano de selección calificador á Alcaldía do Concello con proposta de candidatos para a formalización do correspondente





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

contrato laboral, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas.

BASE DÉCIMA. ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL FIXO.

A Alcaldía procederá a formalización do contrato previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. Hasta que se formalicen os mesmos e se incorporen ao posto de traballo correspondente, o/a aspirante non terán dereito a percepción económica algunha.

Establécese un período de un mes, transcorrido o cal, o persoal que o supere satisfactoriamente adquirirá a condición de persoal laboral fixo.

BASE UNDÉCIMA. INCIDENCIAS.

O Órgano de selección quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orden do concurso-oposición.

Estas Bases son definitivas en vía administrativa e contra as mesmas poderá interpoñerse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte a o de recepción de esta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación.

En Xunqueira de Ambía na data da firma electrónica.

O Alcalde
José Luis Gavilanes Losada





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

“D./D^a....., con
D.N.I....., con domicilio a estes efectos
en....., e-
mail.....e nº de teléfono expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Xunqueira de Ambía para cubrir, como persoal laboral fixo, 1 praza de xerocultor/a auxiliar de axuda para a Vivenda Comunitaria, tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achega a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Declaración responsable.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Estou informado de que o Concello de Xunqueira de Ambía vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que se acompaña para as diferentes actuacións administrativas.

Responsable: Concello de Xunqueira de Ambía.

Finalidade: Procedementos e actuacións administrativas.

Destinatarios: Se poderán ceder datos a outras administracións. Non se cederán datos a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos.

EXPÓN que está enterado/a do proceso de selección convocado por o Concello de Xunqueira de Ambía e **SOLICITA** sea admitido/a no proceso selectivo.

Para elo, **DECLARA EXPRESAMENTE** coñecer e aceptar as bases que regulan o proceso de selección, ser certos os datos consignados na presente solicitude, comprometéndose a probar





Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

documentalmente todos os que figuran nela, e reunir os requisitos de acceso nas datas indicadas en cada caso , en particular os seguintes:

- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto convocado e, por tanto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles con desenvolvemento das funcións a desenvolver.
- Non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade con arreglo a lexislación vixente, nin haber sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desenvolvemento das funcións públicas.

En....., a de xuño de 2025.

O/A Solicitante

Asdo.:.....

